Proceso selectivo convocado pola resolución reitoral do 20 de xuño de 2024, para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre («DOG» núm. 126, do 1 de xullo de 2024).

**ACLARACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PRIMEIRA PROBA DO SEGUNDO EXERCICIO E CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.**

O 30 de abril do 2025, o tribunal do proceso selectivo publicou os *criterios de corrección e cuestións organizativas relativas á 1ª proba do 2º exercicio* do proceso selectivo convocado pola resolución reitoral do 20 de xuño de 2024, para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre.

Entre os criterios de corrección e cuestións organizativas, mencionábase a forma de cubrir a folla de respostas.

Tendo en conta o exposto na dita publicación, en particular, a importancia de cubrir correctamente a folla de respostas e o feito de que desconten as respostas incorrectas, o tribunal, en sesión do 23 de maio de 2025, considerou necesario, no interese das persoas aspirantes, publicar a seguinte aclaración:

a) Só se tomarán en consideración, para sumar ou para restar, as respostas que sexan ***sinaladas de xeito adecuado*** na folla de exame.

   Enténdese por respostas ***sinaladas de xeito adecuado*** as que se cubran segundo se indica na cabeceira da folla de exame 

e nas que se marque soamente un dos catro cadros identificados coas letras "**A**", "**B**", "**C**" ou "**D**".

b) As repostas sinaladas de xeito diferente ao indicado no apartado anterior (respostas en branco, respostas cubertas de xeito incorrecto 

, respostas sinaladas no cadro identificado coa letra "E", respostas sinaladas con máis dun cadro), non se terán en conta e, polo tanto, non computarán, nin para sumar nin para restar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O presidente do tribunal
Félix Navaza Aller

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:
https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm
Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:
https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=E355-9AA9-4667-8D3B
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: E355-9AA9-4667-8D3B**

# Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER,** NIF ***9602**, 26/05/2025 09:02:12.

**CSV: E355-9AA9-4667-8D3B**